

# Sonora

5/12 NOV

organiza



colabora



**"A Universidade de Vigo lidera o interese pola música contemporánea. Sonora é un exemplo deste liderazgo institucional".**

**"Son obxectivos principais desta Vicerreitoría consolidar os vínculos existentes entre a cidadanía e a cultura, e contribuir a exaltación e a promoción da música de calidade e das propostas más emocionantes".**

**"Coma sempre... o mellor festival para compartir sen moderación".**

Mº del Carmen Cabeza  
Vicerreitora de Extensión Cultural e Estudiantes

Randy Bickford leva dous anos escribindo cancións baixo o plural de The Strugglers. Despois de "You Win" (Acuarela 06), aquela carta de rendición empapada nunha elegancia tan aprendida como innata, Bickford volve sobre os pasos dunha idade que lle desbordou. Teremos a sorte de podelos ter na Universidade de Vigo presentando "The Latest Rights", o testamento desa xuventude rosada, un disco con formas que se inclinan más polo calado melódico da súa música, polo movemento, alumeado por versos que ensalzan un remate xenial. Son nove cancións de country, folk, pop e sentimento chamadas a descubrir o talento máis alá do anonimato... cancións sobre lembranzas, sobre o abandono, a política e a intimidade.

O seu concerto discurrirá certamente espoleado pola propia beleza do idioma, que é tódala inspiración de Bickford. Unha poesía que reafirma aquela verdade de Charles Wright cando a definia como "unha lingua que soa mellor e di máis". Linguaques que os que escóitan lembrarán durante semanas ata facelas completamente súas. Neste exclusivo concerto para a Universidade de Vigo, Bickford rodearase de amigos como Jim Bob Aiken, que gravou cada toma do disco e tocou a batería, o violinista Daniel Hart, Alex Lazara aos teclados e Eric Haugen a cargo dalguns de esos sos de guitarra pulverizados ao largo destas cancións de matices descoñecidos ata hoxe para a banda. Randy Bickford entrega pois, unha obra levada por un estilo tan impecable como personal e decidida a ensalzar as maneiras de The Strugglers ao lugar que realmente merecen.



**MISHIMA** 17.30 h.  
12 nov. Teatro da Cidade Universitaria

O universo Mishima son pequenas grandes historias cotiás de melancolia e esperanza misturadas con melodías pop, detalles de electrónica, rock e arranjos moi cuidados. Dende o seu debut en inglés, "Lipstick Traces" (00), os barceloneses Mishima foron perfilando un son grave e cálido, fuxindo da pomosidade na búsqueda da honestidade, na liña de bandas como Lambchop ou Arab Strab. Co seu adalorado terceiro álbum, "Trucar a casa. Recollir les fotos. Pagar la multa" (05), o primeiro da súa carreira íntegramente en catalán, demostraron atopar unha voz propia e reconducible, reivindicando o encanto do cotiá. Agora, co seu excelente novo traballo, "Set Tota la Vida" (07), Mishima ten o apoio da crítica e público como unha das mellores bandas da escena independente.




**MANOS DE TOPO** 19.00 h.  
12 nov. Teatro da Cidade Universitaria

No seu cuarto disco, Mishima asumen novos riscos nos arranxos e a produción inspiranxe más na falla de artificios da música de raíz americana que na sofisticación do pop británico. Para a grabación de "Set Tota La Vida", Mishima acudiron aos estudos do mítico produtor Paco Loco en El Puerto de Santa María, experiencia tremenda positiva en vista dos resultados. Romántico e nostálgico, tamén optimista a pesares de todo, este é o cuarto álbum da banda, que nos adentra unha vez máis no corazón e na cabeza de David Carabén, compositor cabal, antiheroe romántico de voz personal e pluma precisa. Un novo disco, que é, no final, un paso máis no intrépido camiño dun colectivo que olvidárase do medo e que os más ferventes seguidores da Universidade de Vigo saberán valorar, porque Mishima son unha banda disposta a seguir medrando cara ó infinito, como Sonora.

**NEIL YOUNG: Heart of gold** 18.00 h.  
05 nov. Teatro da Cidade Universitaria

Dirección: Jonathan Demme. País: USA. Ano: 2006. Duración: 103 min. Xénero: Documental, musical. Producción: Jonathan Demme e Ilona Herzberg. Fotografía: Ellen Kuras. Montaxe: Andy Keir. Estreno en USA: 10 Febrero 2006.

En "Neil Young: Heart of gold" o director Jonathan Demme debuxa un retrato musical íntimo do lendario cantautor Neil Young, filmado coa ocasión da estrea mundial en concerto do disco "Prairie wind" no célebre Ryman Auditorium de Nashville. A música brinda unha perspectiva rica e emotiva da relación de Young coa familia e os amigos, coa mortalidade e co paso do tempo. Acompáñanlle na escena moitos



Na primavera de 2005 ao cantante, compositor, poeta e cineasta Neil Young lle diagnosticaron un aneurisma cerebral potencialmente fatal. Fixada unha data para a intervención cirúrxica, Neil sentouse a escribir galvanizado pola situación. En poucas semanas escribiu e empezou a gravar o álbum "Prairie wind", un dos títulos más sentidos e persoais da súa carreira. "Prairie wind" fala da perda dos seres queridos e da inspiración que se atopa nos sucesos da vida cotiá. Young continuou gravando o disco ata a mesma véspera da operación: "O álbum é un reflexo natural do que pasaba pola miña cabeza durante ese período, un período de reflexión. A familia. A historia. A condición da alma. Contar historias é algo natural para mim. Contar historias é unha tradición moi vella, mais antiga ca Biblia. Para mim é unha forma de vida".

**The Strugglers. 05 nov. 17.30 h.**  
**Neil Young: Heart of gold. 05 nov. 18.00 h.**  
**Mishima. 12 nov. 17.30 h.**  
**Manos de Topo. 12 nov. 19.00 h.**

Teatro da Cidade Universitaria  
Campus Universitario de Vigo  
\*entrada libre ata completar aforo

concertos a base de milles de escutas no MySpace e o bocaorella. Concertos que se convirten en recitais traxicómicos onde a brillantez compositiva dase a man cun bizarroismo escénico e unha lírica concisa: o desamor por norma.

Manos de Topo gustan de deleitarse no mal de amores e na desgracia, pero sempre coa porta entreaberta á ironía. Aínda que non deixan de dicir verdades coma puños, pensen se non no retruso de "Es feo", ou cando afirman que foder provoca cariño. Deles dixerón que son tan bons que non podían imaxinarse nin sequera que existisen, ou que son quen de revolucionar o pop español. Sen dúbida Manos de Topo teñen 'ese algo especial' que poderá escoitarse no escenario do Teatro da Universidade de Vigo e rendir contas aos seus surrealistas e poéticos seguidores.

